

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 28 de abril de 2023, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións: ordinaria número 3/2023, de 31 de marzo e extraordinaria urxente número 4/2023, do 14 de abril.

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de marzo ata o 21 de abril de 2023.

3. Proposición da Presidencia para a creación dunha Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital provincial previsto no proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA,) Coruña Estudo Inmersivo (CEI)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

4. Aprobación de autorización da eventual extinción/liquidación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) e de asunción pola Deputación Provincial da Coruña dos fins que presta a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

5. Aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2023, primeira fase, integrado polo proxecto DP 7202 Rianxo a Burés por Asados. Senda Peonil pq 1+541 a pq 1+911 (Rianxo).

6. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 1406 de Neaño ao Allo por Cesullas, mellora da seguridade viaria pq 0+680 ao 1+900. (Cabana de Bergantiños), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, terceira fase.

7. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2023, cuarta fase .

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

8. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da BAÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre Vilar da Torre e Lañas.

9. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de SOBRADO DOS MONXES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da capa de rodadura nos camiños e pistas de Sobrado.

10. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BERGONDO para cofinanciar as obras de Rehabilitación enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo

11. Aprobación do Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que deberán rexer para contratar mediante PROCEDIMIENTO ABERTO (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) nas OBRAS financiadas con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR).

12. Aprobación dun convenio co concello de Ordes para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

13. Aprobación dun convenio co concello de As Pontes de García Rodríguez para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

14. Aprobación dun convenio co concello de Rianxo para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación de camiños en Coens" do Concello de Laxe, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0491.0

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0385.0

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar", do Concello de Outes, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0523.0

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270)", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0375.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a marzo 2023.

20. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2023 e proxección a 31/12/2023.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2023 de aprobación polo Pleno.

22. Dación de conta da corrección de erros do Anexo 14 "Total Concellos" do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022, de data 09/03/2023.

23. Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2022 da Deputación e dos seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación da Deputación á Comunidade Autónoma.

24. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2022.

25. Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2023.

26. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao primeiro trimestre de 2023.

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo provincial do BNG de apoio á proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio a Palestina.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás mariscadoras de Muros-Noia.

Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa da mellora dos Centros de Información ás Mulleres (CIM).

ROGOS E PREGUNTAS